

# SEMENTANDO FUTURO



## MEMORIA DO PROXECTO VOZ NATURA

IES da ILLA DE AROUSA

CURSO 2014-2015

# ÍNDICE

<b>1. Introducción</b> .....	3
<b>2. Calendario</b> .....	4
<b>3. Actividades desenvolvidas</b> .....	13
<b>3.1. Tratamento do lixo</b> .....	13
<b>3.2. Horta escolar</b> .....	18
<b>3.3. Invernadoiro</b> .....	22
<b>3.4. Viveiro forestal</b> .....	27
<b>3.5. Xardín de aromáticas</b> .....	32
<b>3.6. Repoboacións e rexeneración de ecosistemas</b> .....	36
<b>3.7. Waterwatchers Arousa e limpeza de praias</b> .....	38
<b>3.8. Campaña de Enerxía positiva</b> .....	47
<b>3.9. Actividades conxuntas con BATA- Autismo. Centro Meco.</b> .....	52
<b>3.10. Outras actividades</b> .....	54
• <b>Charla de Nito Dios</b> .....	54
• <b>Charla de Xurxo Mariño</b> .....	55
• <b>Obradoiro de Milhulloa</b> .....	56
• <b>Embaixadores de Coge 3</b> .....	57
• <b>Obradoiro de Cultivo de setas</b> .....	58
• <b>Visita a Sotavento e Fragas do Eume</b> .....	59
• <b>Magosto</b> .....	61
• <b>Facebook e Blog</b> .....	62
<b>3.11. Actividades por desenvolver</b> .....	63
• <b>Visita da Casa das Ciencias</b> .....	63
• <b>Obradoiro de Arte e Natureza</b> .....	63
• <b>Plantas con poemas para o Día das Letras Galegas</b> .....	63
• <b>Charla a mariscadoras e mariñeiros</b> .....	63
• <b>Obradoiro de fornos solares con Greenpeace</b> .....	64

•	Limpeza de praia con Greenpeace .....	64
•	Concurso “Sacha na horta” .....	64
•	Charla Luis Sanpedro “Bosques de Galicia” .....	64
•	Obradoiro de xabón a partires de aceite usado .....	64
3.12.	Reunións con outros colectivos.....	65
3.13.	Preparación Exposición Voz Natura.....	66
.....		
5.	Anexos .....	68
5.1.	Publicacións .....	68
5.2.	Materiais elaborados .....	77
6.	Conclusións finais.....	81

# 1. INTRODUCCIÓN

Este curso 2014 - 2015 foi o noso sexto ano participando na iniciativa de Voz Natura.

Continuamos co mesmo tipo de actividades que fixemos os anos anteriores e ademais este ano o tema central foi o **cultivo ecolóxico**.

O traballo o realizamos nos recreos co **voluntariado** e tamén en horas lectivas no centro educativo. Temos que dicir que este é o ano no que contamos co maior número de voluntari@s (houbo momentos nos que superamos os 40) e que están distribuídos nos tres días que temos aberta a nosa horta.

Este ano a nosa horta e invernadoiro soamente abriu os Luns, Martes e Mércores, por non ter máis dispoñibilidade o resto da semana.

O noso proxecto desenvolveuse dende mediados de setembro (que comezou o curso) ata finais de Xuño que remata o curso, cando temos programadas actividades. Destacamos tamén que no verán temos que continuar facendo un pequeno mantemento e regar a horta e o invernadoiro para non perder todo o producido durante o curso.

- **Coordinadoras:** M<sup>a</sup> Rosario Bañobre González (Bioloxía e Xeoloxía) e Sonia González López (Tecnoloxía e Informática, de baixa por maternidade dende novembro ata abril).
- **Profesores participantes**
  - Na horta traballan as coordinadoras con apoio de:
    - Alfonso Malvido Piñeiro (Música)
    - Benito Gómez Reis (Tecnoloxía)
    - Dolores Guerrero Rey (Física e Química)
    - Libertad Fraga Grueiro (Matemáticas)
  - En moitas das actividades xerais do proxecto participa todo o profesorado e alumnado do centro.
- **Alumnado**
  - N<sup>o</sup> de alumnos que participan: todo o centro (182 alumnos/as de 1<sup>o</sup> a 4<sup>o</sup> da ESO).
  - Na horta e invernadoiro hai 40 voluntarios/as.

## 2. CALENDARIO

Expoñemos a continuación o Calendario das actividades desenvolvidas no curso 2014 - 2015.

A gran participación de voluntarios (entre 15 e 25 cada día) nos recreos dos Luns, Martes e Mércores (cando abrimos a nosa horta) provocou que organizáramos diferentes grupos de traballo, polo que no Calendario non aparecen reflexadas todas as actividades que fixemos na Horta .

# SETEMBRO 2014

- ✓ Organización do traballo do proxecto.
- ✓ Explicación ao alumnado, profesorado e pais/nais do centro do proxecto Voz Natura para animar á súa participación.
- ✓ Formación do grupo de voluntariado medioambiental co alumnado interesado en participar nas actividades da horta e invernadoiro nos recreos.
- ✓ Elaboración e colocación en tódalas aulas de caixas para a reciclaxe e reutilización do papel
- ✓ Preparación do composteiro

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Limpeza e instalación do rego por goteo. Abonado con abono orgánico mercado.
Parcela 1	Desbroce e limpeza e acondicionamento. Abonado da parcela co noso compost.
Parcela 2	Desbroce e limpeza e acondicionamento. Abonado da parcela co noso compost.
Xardín	Desbroce
Plantación no invernadoiro	nada
Plantación nas parcelas	sementado de nabiza e nabicol na Parcela 1.
Sementeira de	nada
Transplante de	nada
Colleita de	nada

# OUTUBRO 2014

- ✓ Reunión das Coordinadoras con voluntarios de Greenpeace Pontevedra para organización de obradoiros.
- ✓ Recollida de sementes de carballo no monte das **Ribocias (Caldas de Reis)**
- ✓ **Obradoiro Milhulloa de elaboración de dentífrico e protector labial** a partires de produtos naturais. Impartido por Chus e Carmela de Milhulloa S. Cooperativa Galega de O Couto (Melide)
- ✓ Visita de Óscar García de Coge 3
- ✓ **Limpeza da Praia de Abilleira** co alumnado de 4ºA e 3º PDC con Óscar García de Coge3
- ✓ Recollida de tetrabrics para posterior plantación de sementes de especies forestais
- ✓ Visita de Alejandro Díaz (Comité científico de Voz Natura)

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Preparación da terra do invernadoiro e eliminación de malas herbas
Parcela 1	Eliminación de malas herbas
Parcela 2	Eliminación de malas herbas
Xardín	Laboreo da parcela de aromáticas
Plantación no invernadoiro	leitugas, allos porro, brécol, coliflor repolo.
Plantación nas parcelas	nada
Sementeira de	landras de carballo en tetrabrics.
Transplante de	carballos de 1 ano de tetrabrics a macetas.
Colleita de	cacahuetes

# NOVEMBRO 2014

- ✓ Recollida de sementes de sobreira en Lindoso. **Peneda do Gerês (Portugal)**
- ✓ Colocación do segundo composteiro doado polo Concello da Illa de Arousa
- ✓ Reunión conxunta das Coordinadoras de Voz Natura coa Concelleira de Medio Ambiente e coas profesoras de BATA Autismo.
- ✓ **Obradoiros cos alumnos de BATA Autismo**
- ✓ **Visionado da reportaxe “Sopa de plásticos” de El escarabajo verde. 3ºESO**
- ✓ Recollida de tetrabrics para posterior plantación de sementes de árbores
- ✓ Organización da recollida do Banco de Alimentos para doar a Cáritas.
- ✓ Celebración do magosto con xogos populares.

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Eliminación de lesmas e caracois no invernadoiro. Tratamento con cinza. Reparación do plástico do invernadoiro.
Parcela 1	Clareo de nabizas e abonado.
Parcela 2	Abonado.
Xardín	nada
Plantación no invernadoiro	nada
Plantación nas parcelas	nada
Sementeira de	landras de carballo e sobreira en tetrabrics e en bandexas de vermiculita.
Transplante de	carballos de 1 ano e pexegueiros de 1 ano de tetrabrics a macetas.
Colleita de	nada



# DECEMBRO 2014

- ✓ Saímos no Xornal “La Voz de Galicia” en 2 ocasións (1/12/2015 e 8/12/2014)
- ✓ Charla de Nito Dios ao alumnado de 1º e 2º da ESO sobre o monte na Illa.
- ✓ Visita dos alumnos de Bata e plantación de sementes no invernadoiro.
- ✓ Acondicionamento das plantas de interior do centro
- ✓ Festa navideña no IES da Illa de Arousa na que o noso equipo de voluntariado e o alumnado do Centro Os Mecos de BATA poideron disfrutar de doces navideños, música e ata intercambio de regalos e postais navideñas.
- ✓ Obradoiro de papel reciclado co alumnado de 1º ESO
- ✓ Obradoiro de elaboración de postais de Nadal e marcapáxinas a partires do papel reciclado feito no Obradoiro anterior.
- ✓ Obradoiro de carteiras de tetrabric en 3º ESO na materia de Tecnoloxía
- ✓ Obradoiro de carpetas a partires de cartón usado en 3º ESO na materia de Tecnoloxía
- ✓ Entrega a Cáritas do recollido para o Banco de Alimentos do instituto.

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Eliminación de malas herbas e limpeza do invernadoiro
Parcela 1	Eliminación de malas herbas
Parcela 2	Eliminación de malas herbas
Xardín	Acondicionamento da parcela de aromáticas.
Plantación no invernadoiro	leitugas
Plantación nas parcelas	nada
Sementeira de	landras de carballo e sobreira en tetrabrics. Sementeira de noces en bandexas de vermiculita.
Transplante de	carballos de 1 ano e pexegueiros de 1 ano de tetrabrics a macetas.
Colleita de	nada

# XANEIRO 2015

- ✓ Saímos no Xornal “La Voz de Galicia” (10/1/2015)
- ✓ Saímos no Xornal “Diario de Arousa”
- ✓ Comezamos a Campaña de Waterwatchers
- ✓ Os Waterwatchers presentan os seus 21 informes quincenais sobre o estudo do lixo atopado na súa Praia
- ✓ Venda de leitugas e verduras ecolóxicas (o recadado para o Banco de Alimentos)
- ✓ Limpeza da Praia de Carreirón co alumnado de 4º, con BATA, con Óscar de Coge3 e Alejandro Díaz do Comité Científico de Voz Natura
- ✓ Comeza a campaña de COGE 3 “Venres sen plástico” na que participamos
- ✓ Realización de Vídeos en 4º ESO para a iniciativa “Venres sen plástico” de Coge3.

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Limpeza de herbas no invernadoiro
Parcela 1	Preparación do terreo para plantar
Parcela 2	Preparación da parcela para plantar amorodos. Abonado e colocación de plástico negro.
Xardín	Plantación de chapotea ou patacas aéreas
Plantación no invernadoiro	nada
Plantación nas parcelas	Allos
Sementeira de	Allos Sobreiras e carballos en tetrabrics
Transplante de	Brotos de castiñeiro a macetas macetas grandes
Colleita de	Recollida de nabicol, leitugas. A recollida de nabiza foi infructuosa porque foi comesta polos caracois.

# FEBREIRO 2015

- ✓ Saímos no Xornal “La Voz de Galicia” en 3 ocasións (9/2/2015, 10/2/2015 e 12/2/2015)
- ✓ Artigo no Blog Maestro de Voz Natura sobre o noso traballo
- ✓ Reunión da Coordinadora co CES (Colectivo Ecoloxista do Salnés) para planificar e organizar estudio.
- ✓ Os Waterwatchers presentan os seus 21 informes quincenais sobre o estudio do lixo atopado na súa praia
- ✓ Venta de verduras e hortalizas da nosa horta: repolos, coliflor, brécol e leitugas. O recadado para o Banco de Alimentos.
- ✓ Corte de canelas con Nito Dios para marcar as árbores para posterior repoboación forestal.
- ✓ Preparación de post para Venres sen plástico de COGE3.
- ✓ 1ª Repoboación forestal con BATA. En Testos.

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Eliminación de malas herbas.
Parcela 1	Limpeza de malas herbas Recolocación dos aspersores para o rego. Laboreo e preparación do terreo para plantar
Parcela 2	Limpeza de malas herbas Recolocación dos aspersores para o rego.
Xardín	Desbroce.
Plantación no invernadoiro	nada
Plantación nas parcelas	Plantación de amorodos na Parcela 2.
Sementeira de	Landras de sobreira en tetrabrics.
Transplante de	nada
Colleita de	Repolos, coliflor, brécol, leitugas, calabazas e cebolas

# MARZO 2015

- ✓ Saímos no Xornal “La Voz de Galicia” (6/3/2015)
- ✓ Regalamos a todos os voluntarios una planta de xardín (Xeranos)
- ✓ Os Waterwatchers presentan os seus 21 informes quincenais sobre o estudio do lixo atopado na sua Praia
- ✓ Visita a Sotavento e Fragas do Eume con alumnos de 4º ESO de Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química.
- ✓ Como Waterwatchers enviamos vídeos a Coge 3 dentro da iniciativa “Venres sen plásticos”
- ✓ Obradoiro de Cultivo de setas.
- ✓ Visualización e consellos para observar o Eclipse solar
- ✓ Visita de Alejandro do Comité Científico de Voz Natura
- ✓ Arranque de malas herbas das macetas plantadas con especies forestais.
- ✓ Venta de verduras nos recreos. Voluntariado da horta

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Rego e mantemento do invernadoiro. Eliminación de malas herbas
Parcela 1	Eliminación de malas herbas Preparación do terreo para posterior plantación
Parcela 2	Nada
Xardín	Nada
Plantación no invernadoiro	Tomates, pementos de Padrón, allos porro, leitugas.
Plantación nas parcelas	Plantación do ceboliño cedido pola tía dun alumno e de tirabeques na Parcela 1.
Sementeira de	Landras de sobreira en tetrabrics
Transplante de	Nada
Colleita de	leitugas

# ABRIL 2015

- ✓ Saímos no Xornal “La Voz de Galicia” (25/4/2015)
- ✓ Os Waterwatchers presentan os seus 21 informes quincenais sobre o estudio do lixo atopado na súa praia
- ✓ Charla de Xurxo Mariño “Ciencia, aventuras e sorpresas dunha viaxe arredor do mundo” para 4º ESO.
- ✓ Preparación da Exposición de Voz Natura: comezamos a construír o piorno.
- ✓ Realización de espantallos para a Exposición de Voz Natura.
- ✓ Corte de cañas para guiar tirabeques e tomates.
- ✓ BATA: intercambio de sementes co alumnado de BATA
- ✓ 2º Obradoiro de Cultivo de seta ostra no Laboratorio de Bioloxía.
- ✓ **Transplante de sementeiros a macetas:** colondros e cabazas de Samaín xerminadas. Tamén de amarantos ou crestas de galo para intercambiar con BATA e para regalar o Día das Letras Galegas.

ZONA	TRABALLO REALIZADO
Invernadoiro	Eliminación de malas herbas
Parcela 1	Eliminación de malas herbas
Parcela 2	Eliminación de malas herbas
Xardín	Corte de canas
Plantación no invernadoiro	acelgas, repolos, berenxenas, leitugas.
Plantación nas parcelas	
Sementeira de	xirasois, colondros e cabazas de Samaín
Transplante de	Flores de amarantos e xirasois a macetas
Colleita de	Nada

## **3. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS**

### **3.1. TRATAMENTO DO LIXO.**

A principios de curso, o alumnado de cada grupo, encargouse de preparar papeleiras para reciclar papel e caixas para a súa reutilización. Colocáronse en cada unha das aulas do instituto, nos laboratorios e tamén na sala de profesores.

Tamén fixeron carteis para incentivar o apagado das luces da aula, para a reciclaxe de papel e para non tirar lixo.

Periodicamente levouse o papel recollido ao contedor azul colocado no corredor de abaixo. Tamén se usou este papel usado para facer papel reciclado no laboratorio de Ciencias.

Durante todo o ano recolleuse materia orgánica para o composteiro situado na horta. Esta materia orgánica foi xerada no centro e tamén foi traída polo alumnado e o profesorado das súas casas. Periodicamente revisouse o composteiro, removéndoo e botándolle toxo e auga cando o precisou.

Este ano a Concellaría de Medio Ambiente cedeunos un 2º composteiro feito a partires de cuncha de mexilón que instalamos na nosa horta.

Fíxose un obradoiro de reciclado de papel co alumnado de 1º e 4º da ESO antes do Nadal, co que posteriormente realizáronse marcapáxinas e postais de Nadal.

Na materia de Tecnoloxía o alumnado de 3º da ESO fixéronse 3 obradoiros de elaboración de carteiras a partir de tetrabriks. Na mesma materia e no mesmo curso leváronse a cabo 2 obradoiros para realización de carpetas a partires de cartón usado.

No mes de maio faremos un obradoiro de xabón a partires de aceite usado.

Empregamos tetrabrics para sementar landras, castañas, améndoas e noces no invernadoiro. Os alumnos se encargaron de traelos das súas casas.

Reducimos a cero o uso de plástico nos recipientes de auga, xa que comezamos a mercar auga que ten un envase retornable.

Dende principios de curso tempo en marcha a **recollida de pilas** para o punto limpo e a **recollida de tapóns** para a fundación SEUR.



Punto de recollida de tapóns e pilas no IES

- Recollida de tapóns para a Fundación SEUR: facémola durante todo o ano. Ademais do alumnado e profesorado do instituto participan nesta recollida moitas nais que traen bolsas con tapóns das súas casas ou negocios para esta causa solidaria.
- Recollida de pilas para o punto limpo: facémolo durante todo o ano. Temos contedores especiais para facer esta recollida.

Dende xaneiro de 2015 comezamos a colaborar con FUNDAME na **recollida de móbiles**. Esta asociación comprométese a destinar o 100% do recadado na reciclaxe e reutilización dos teléfonos móbiles para a investigación da Atrofia muscular espinal.



Punto de recollida de móbiles no IES



Obradoiro de papel reciclado



Obradoiro de marcapáxinas e de postaisde Nadal con papel reciclado






O noso 2º e novo composteiro construído con cuncha de mexilón



Obradoiro de carteiras a partires de tetrabric



Obradoiro de carpetas a partires de cartón usado



Caixa de papel para reciclar na Sala de Profesores



Envase de auga retornable



Contedor azul para papel nos corredores



Carteis para non botar lixo ao váter

### 3.2. HORTA ESCOLAR

A preparación das parcelas da horta comezouse fai xa seis anos nos terreos da parte traseira do centro.

Acondicionamos 2 parcelas e unha zona ao lado do invernadoiro onde temos os arbustos e aromáticas.

Durante os meses de setembro e outubro acondicionamos e abonamos o terreo e comezamos a plantación en outubro.

**Parcela 1: Nabiza e nabicol (antes do Nadal) e Tirabeques e ceboliño (finais do 2º trimestre). A nabiza comérona toda os caracois e nabicol recollemos pouca polo mesmo.**

**Parcela 2: plantamos amorodos e allos.**

Colocamos tamén un sistema de microaspersores nas parcelas coa finalidade de aproveitar máis o auga e de facilitar o rego no verán.

Durante os meses de xullo e agosto achegámonos cada semana ao centro para regar.



Plantando ceboliño



Plantando amorodos



Plantando nabizas



Plantando tirabeques



Preparando a parcela para plantar allos



Plantando allos



Quitando herbas nos allos



Preparando a parcela para plantar tirabeques e ceboliño



Materia orgánica para o Composteiro



Co noso 2º novo composteiro



Visita do Comité Científico á nosa horta

### 3.3. INVERNADOIRO

O invernadoiro divídese en 2 partes: por unha banda a zona de horta escolar (da que falaremos neste apartado) e por outra o viveiro forestal (aptdo. 3.4).

Cada ano reinstalamos no invernadoiro o sistema de rego por goteo para reducir o consumo de auga. Este ano levounos unhas semanas facelo, xa que todo o proceso de instalación o facemos entre os profesores e o alumnado.

Debido á gran pedregosidade do terreo, fíxose necesario trasladar terra e compost, que ano tras ano producimos no noso composteiro, ao interior do invernadoiro para proceder á plantación.

#### Plantouse o seguinte:

- Leitugas (diferentes variedades: rizada, folla de carballo)
- Tomates (raft)
- Repolo
- Brécol
- Coliflor
- Acelgas
- Allos porro
- Pementos de Padrón
- Berenxenas

Ata mediados do mes de abril **recolleuse:**

- Leitugas, brécol, repolo e coliflor, nabicol, cacahuets.

#### Sementamos:

- Colondro
- Cabazas de Samaín
- Xirasois

Todas estas verduras foron vendidas a 1 euro cada unha. Os cartos recadados na venda dos nosos produtos da horta e do invernadoiro foron destinados á compra de comida para o Banco de Alimentos de Cáritas. Ata o mes de abril recadáronse **52 euros**.

É destacable que este ano sufrimos unha praga de caracois que eliminamos con cinza e retirándoos manualmente.

Arranxamos o plástico do invernadoiro debido ás diferentes roturas que sufriu nestes últimos anos. Para elo secamos moi ben o plástico e pegamos cinta adhesiva especial.

É importante destacar que sempre aplicamos os principios da agricultura ecolóxica e nunca empregamos abonos químicos, pesticidas, herbicidas ou produtos tóxicos.

Parécenos unha ferramenta educativa moi potente, porque os alumnos poden ver o crecemento das diferentes variedades plantadas nun período de tempo relativamente breve.

O invernadoiro permítenos seguir a traballar cando chove ou fai moito frío. Se non o tivéssemos non poderíamos traballar a meirande parte dos días ao non dispoñer dun espazo a cuberto da choiva.



O noso invernadoiro





Preparación da terra e abonado.



Instalación do rego por goteo.



Sementando xirasois e colondros



Os colondros xerminados



Leitugas do noso invernadoiro



Repolo



Pementos



Allos porro



Tomates



Brécol



Coliflor



Xerminación de sementes



Os nosos voluntarios traballando nun recreo no invernadoiro

### 3.4. VIVEIRO FORESTAL

No noso viveiro forestal traballamos durante todo o ano. Nos recreos os voluntarios sementan, transplantan, quitan herbas, preparan e curan ás nosas árbores.

O noso viveiro distribúese en 4 zonas principais:

- **Zona de invernadoiro** (sementes e plántulas de menos de 1 ano)
- **Zona de crecemento EXTERIOR** (para sementes e árbores de 1 ano). Espazo situado ao lado do invernadoiro
- **Zona de maduración** no exterior (para árbores de 2 anos). Espazo situado ao lado da casa do conserxe.
- **Zona de tratamento** exterior (para árbores con fungos ou enfermidades): este espazo está alonxado do resto das árbores para que non se produza un contaxio. Facemos un tratamento ecolóxico contra os fungos ou as diferentes enfermidades que poidan ter as árbores. Comunmente os voluntarios chámalo Hospital.



Zona de invernadoiro



Zona de crecemento exterior



Zona de maduración



Zona de tratamento e árbores afectadas por fungo

## SEMENTES

Para sementar empregamos material de refugallo (tetrabrics de leite) para plantar sementes de carballo e sobreira

Tamén plantamos algunhas sementes de carballo en bandexas con vermiculita coa finalidade de que o alumnado observase o proceso de xerminación con máis detalle.

Durante este curso 2014-2015 plantamos en tetrabrics sementes de **2 especies forestais diferentes:**

- Carballo (*Quercus robur*): 190
- Sobreira (*Quercus suber*): 202

**Plantamos un total de 392 sementes de árbores autóctonas.**

Son destacables as altas taxas de éxito que sempre tivemos cas nosas sementeiras para Carballo. Pero este ano (con data de 23 de abril) a maioría das sementes aínda non xerminaron, supoñemos que debido ao frío que fixo este inverno.

Pre vemos que o éxito de xerminación non vai a ser tan bo coma o de outros anos.

Tamén destacamos a ausencia de enfermidades e fungos nas novas plántulas.

As únicas árbores que sufriron o ataque de fungos foron exemplares de 2 anos.

Cultivamos en envase con cepellón e non a raíz espida para que a planta estea máis protexida, o seu sistema radicular estea máis desenrolado e a porcentaxe de éxito sexa maior.

### **ÁRBORES DE 1 ANO**

As existencias de árbores de 1 anos a día de hoxe no noso Viveiro Forestal son:

- Carballo (*Quercus robur*) de 1 ano: 144
- Sobreira (*Quercus suber*) de 1 ano: 17
- Pexegueiro (*Prunus persica*) de 2 anos: 7

**TOTAL: 168 árbores**

### **ÁRBORES DE 2 ANOS**

Trasplantamos a macetas todas as árbores de 1 ano que tiñamos en tetrabric do ano pasado.

As existencias de árbores de 2 anos a día de hoxe no noso Viveiro Forestal son:

- Castiñeiro (*Castanea sativa*) de 2 anos: 5
- Carballo (*Quercus robur*) de 2 anos: 71
- Sobreira (*Quercus suber*) de 2 anos: 1
- Pexegueiro (*Prunus persica*) de 2 anos: 2

**TOTAL: 79 árbores**

Estas árbores servirán para reforestar a nosa Illa o curso que ven.

## REPOBOACIÓNS FORESTAIS

No apartado 3.6 falamos máis en profundidade da repoboación forestal que fixemos. Só dicir que empregamos **60 árbores** de 1 e 2 anos para facer esta repoboación, árbores que sementamos e coidamos durante todo este tempo no noso viveiro.

### Cadro resumo

Árbores	Número de exemplares
De 1 a 6 meses	392
De 1 ano	168
De 2 anos	79
Árbores empregadas na repoboación forestal que organizamos este curso	60
<b>TOTAL ÁRBORES</b>	<b>699</b>

Este cadro resumo é das árbores que temos no noso viveiro con data 27/4/2015



Plantación de landras de carballo en tetrabrics



Transplante de carballos de 1 ano de tetrabric a macetas



Árbores de 2 anos



Destacamos a boa saúde das nosas árbores



### 3.5. XARDÍN DE AROMÁTICAS:

Este ano ampliamos o noso xardín de aromáticas plantando especies novas: patacas aéreas ou chaiotes (*Sechium edule*).

Ademais instalamos un novo composteiro, cedido polo Concello, nesta zona.

Arranxamos tamén a zona da menta e lavanda e quitamos malas herbas.

No noso xardín crecen de forma natural cañas e sempre as aproveitamos. Sérvennos de titores nas tomateiras, nos tirabeques e este ano tamén as empregaremos para facer un piorno que levaremos á exposición de Voz Natura.



Lavanda, Romero e Alquiueje



Alquiueje (*Physalis*)



Feixoa



O noso acivro



Salvia



Margaritas



Plataneiro



Colocamos un 2º composteiro



As canas cortámolas e empregámolas como titores



### 3.6. REPOBOACIÓNS E REXENERACIÓN DE ECOSISTEMAS

Fíxose **unha reforestación pero en 2 días** con especies autóctonas nunha zona degradada de a Illa de Arousa. Concretamente en Testos, onde xa repoboamos hai 3 anos. Fíxose esta repoboación co alumnado voluntario da horta e o alumnado do Centro Mecó de Autistas BATA en horario lectivo e choveu tanto que tivemos que regresar para o centro e deixamos so 15 árbores plantadas. despois quedamos unha tarde fora o horario escolar .

Estas reforestacións fixéronse con árbores do noso viveiro forestal.

As especies plantadas foron as seguintes:

- *Castanea x hybrida* (4)
- *Quercus suber* (2)
- *Quercus robur* (49)
- *Prunus persica* (5)

E de destacar o traballo que Nito Dios fai para axudarnos a que as nosas árbores vaian adiante. Ademáis de darlle unha charla de concienciación aos rapaces no mes de decembro , quedamos con el unha tarde antes da plantación para coller e preparar cañas para marcar as árbores.



Preparando as canelas para marcar as árbores



1º día de repoboación (plantamos 15 árbores) e a choiva impediunos seguir.



Preparando o espazo para plantar



Mesturando terra e abono



Nito Dios dirixindo a repoboación

### 3.7.- WATERWATCHERS AROUSA E LIMPEZA DE PRAIAS

Este curso continuamos co Proxecto Waterwatchers comezado no curso anterior. Un Waterwatcher é un vixiante da auga e da praia.

Hai 21 praias da Illa de Arousa dentro deste Proxecto.

Como primeira actividade fixemos unha limpeza de praia conxunta co centro os Mecos de BATA autismo de Vilagarcía e contamos coa colaboración do Concello (Medio ambiente) e Coge3 Oscar garcía que nos acompañaron na catividade e tamen o representante do comite científico de Voz Natura Alejandro.

Cada alumno de 4ºESO é un Waterwatcher e tivo asignada unha praia na que fixo un estudio do lixo atopado. Durante 4 meses visitou a súa praia quincenalmente, estudou o lixo que había (para o cal tivo que cubrir unha ficha) e recolleu 5 residuos en cada visita aos que lle sacou unha foto.

O alumnado implicouse moito no estudio e na recollida de lixo a pequena escala en cada unha das praias. Cada 15 días entregaban o informe e enviaban unha foto ao noso facebook: Waterwatcher.

Interactuamos ca iniciativa Coge 3 (da que falamos con máis detalle no apartado de Outras Actividades. De tal forma que semanalmente eles publicaban no seu Facebook as fotos do lixo que recollían e que fixeron os nosos Waterwatchers.

Este proxecto de Waterwatchers levouse a cabo na materia de Bioloxía e Xeoloxía para 4º ESO durante todo o 2º trimestre e parte do 3º.

Agora cando remate o seu traballo o 30 de Abril farán un informe por grupos do estado das praias e elaborarán un informe que presentaran aos mariñeiros e mariscadoras da Arousa , para conciencialos deste grave problema da contaminación mariña.

As praias estudadas polos noso Waterwatchers foron:

- ✓ Praia de Riasón (dereita): Alejandro Chaves (4ºA)
- ✓ Praia de Riasón (esquerda): Paula Fernández(4ºA)
- ✓ Praia do campo: Javier Fernández (4ºA)
- ✓ Praia de Abilleira: Carmen Laya (4ºA)
- ✓ Praia do Gradín (dereita): Miguel Nieto (4ºA)
- ✓ Praia da Canteira: Anabel Oubiña (4ºA)
- ✓ Praia Cabodeiro: Jose Antonio Outeiral (4ºA)
- ✓ Praia de Espiñeiro (dereita): Carmen Piñeiro (4ºA)
- ✓ Praia de Conretellado: Ricardo (4ºA)
- ✓ Praia do Furado: Marta Señoráns (4ºA)
- ✓ Praia de Sapeira: Ana (4ºA)
- ✓ Praia do Bao: Nicolás Barbosa (4ºB)
- ✓ Praia do Gradín (esquerda): Joel Fernández (4ºB)
- ✓ Praia do Aguiúncho: Daniel García (4ºB)
- ✓ Praia do Espiñeiro (esquerda): Yeray Garcia (4ºB)
- ✓ Praia de Riason (dereita): Salvador Gondar (4ºB)

- ✓ Praia de Testos: Olaya Vidal (4ºB)
- ✓ Praia do Faro: José Luis Torrado (4ºB)
- ✓ Praia da Area da Secada : Elvira Lois (4ºB)
- ✓ Praia do Naval: Lucía del Río (4ºB)
- ✓ Praia da Sinas (Vilanova de Arousa): Juan Carlos Piñeiro (4ºB)

En resumo:

- Cada unha das 21 praias foron observadas e estudiadas quincenalmente por cada Waterwatcher durante 4 meses.
- Todas as praias pertencen á Illa de Arousa , excepto una por pertencer a Vilanova dito alumno
- Os informes presentados por cada Waterwatchers foron avaliados na materia de Bioloxía e Xeoloxía. Puntuando un 10% da nota da avaliación
- Este traballo é apoiado pola iniciativa de Coge 3 da cal fumos nomeados Embaixadores na Arousa hai máis de un ano.
- Realiación dun informe final co resultado da recollida en todas as praias para presentar á xente que vive do mar.

## LIMPEZAS DE PRAIAS

Este curso centrámonos porsegunda vez na limpeza das praias con moitísimo entusiasmo porque na nosa illa hai máis de 80 areas e tamén moito lixo.

Lixo na área, lixo na auga, nas algas... Isto é moi grave nun lugar onde o mar é o sustento de moitas familias, xa que a poboación a Arousa é básicamente mariñeira, mariscadores ou bateiros.

Nestas acción colaboramos con BATA (Centro de Autismo de Baión) e tamén con grupo de voluntarios de Greenpeace de Pontevedra e coge3

Estas son as praias que limpiamos este curso:

- Praia de Abilleira: 8/10/2014 con alumnado de 4º A de Bioloxía e Xeoloxía e o PDC de 3º de Tecnoloxía
- Praia do Carreirón: 09/01/2015 co alumnado de 4º da ESO e o do CEE de Bata, Oscar García de coge3 e Alejandro de Voz Natura
- Praia de Gradín:
- Praia de Abilleira:



- Praia de Riasón:

Tiñamos programadas máis limpeza de praias en Abril pero debido a causas alleas a nos tivemos que cancelalas. Unha ía facerse co alumnado de 3º da ESO e íamos ir en piragua ata o Areoso, pero o Concello non deu permiso para acceder á Illa. Outra actividade era facer SUP ( Padel Surf) con coge3 e limpeza no Bao pero cancelouna o coordinador da iniciativa por motivos técnicos. Tentaremos reprogramalas para o proxecto do próximo curso.

Cando facemos unha acción de limpeza de praia non nos limitamos unicamente a recoller lixo. É moi importante facer actividades de concienciación sobre a problemática dos residuos no mar, na area...tamen sobre o tempo que tardan en descompoñerse e a procedencia de dito residuo.

Fundamental concienciar sobre ese lixo que está no mar e que aquí nos da de comer.

Comezamos a limpar as praias coas alumnos de 3º e 4º ESO e cos voluntarios pero o resto do alumnado propuxéronnos que eles tamén quería limpar as praias.



Óscar García de Coge3 na limpeza de praia de Abilleira (8/10/2014)



Óscar García de Coge3 e Alejandro do Comité Científico de Voz Natura na limpeza de praia de Carreirón (9/1/2015)











### 3.8.- CAMPAÑA ENERXÍA POSITIVA

Este ano seguimos con esta campaña que denominamos Enerxía Positiva e que comezamos no curso 2012-2013.


Fixemos moitas actividades dentro desta Campaña.

- Seguimos a mercar e a empregar papel reciclado na fotocopiadora e na impresora,
- Pintado de espazos con pintura ecolóxica: pintouse 1 despacho e o corredor de arriba,
- Transplante de plantas de macetas pequenas a macetas máis grandes.
- Mercamos plantas de interior: ficus, flor de pascua.
- Mercamos unha neveira de eficiencia enerxética A++
- A auga que mercamos ten un envase retornable
- Un exalumno estudante de Enxeñería fíxonos unha Auditoría Enerxética. Nas próximas semanas presentará o seu traballo.
- Organizamos 1 Campaña de recollida para o Banco de Alimentos do instituto, destinada a Cáritas Vilagarcía. Colaboramos na organización coa ANPA do instituto e cos alumnos de Atención Educativa de 2ºESO.
  - 1ª campaña de recollida de alimentos no mes de decembro: centramos a recollida en alimentación infantil, roupa, xoguetes, produtos de limpeza e demais alimentos non perecedeiros.
  - 2ª campaña de recollida de alimentos será no mes de xuño.



1ª campaña de recollida para o Banco de Alimentos. O recadado da venda de leitugas para o Banco.





Plantación de flores nas xardineiras no exterior do instituto



Transplante a macetas máis grandes




Mercamos este Ficus



Empregamos papel reciclado na impresora e na maioría das fotocopias que se fan no Centro.



Neveira mercada con eficiencia enerxética A++



Pintáronse con pintura ecolóxica o corredor de arriba e o despacho de Secretaría



En vez de pizarras Veleda mercáronse para os corredores corchos con marcos de madeira (opción máis ecolóxica)

### 3.9.- ACTIVIDADES CONXUNTAS CO CENTRO MECO DE BATA



Un ano máis ao longo do curso fixemos una serie de actividades conxuntas organizadas polo centro dos Mecos de BATA, a Concelleira de Educación e Medio Ambiente do concello da Illa de Arousa e o noso centro.

O noso proxecto de educación ambiental intenta inculcar no noso alumnado valores como a cooperación, solidariedade e inclusión de todo tipo de persoas.

As actividades realizadas foron as seguintes:

- **Luns 1 de decembro e venres 5 de decembro.** Visita do alumnado de BATA en 2 grupos e plantación de landras co noso alumnado en tetrabrics para o viveiro forestal. O noso alumnado explicoulles cunha ficha que temos deseñada con pictios como realizar o proceso. Foi de 11.30 a 12 que é a hora do recreo .



- **Martes 16 de decembro.**

- Charla de Nito Dios ao alumnado de 2º da ESO de 16.30 a 17.20 e de 17.20 a 18.10 para o alumnado de 1º da ESO.
- Nela falou da importancia dos nosos bosque e do seu coidado e a situación do monte na Illa de Arousa e as iniciativas a emprender para melloralo.

- **Xoves 18 de decembro de 10.40 a 12.**

- Festa navideña de irmandade dos centros de BATA os Mecos e o IES Illa de Arousa.
- Prepararamos una aula do centro para facer una pequena festa conxunta na que celebramos a chegada do Nadal con turrón, bebidas e outros doces e intercambiarémonos regalos de centro e máis una postal de felicitación.
- Nesta festa participou alumnado de BATA e o voluntariado da horta.



Festa de Nadal BATA e IES da Illa de Arousa

- **Limpeza de praias. Venres 9 de Xaneiro de 11.40 a 12.45.**

- Como embaixadores da iniciativa coge3 e dentro da proposta deles de facer os venres sen plásticos fixemos una primeira limpeza de praias conxunta co centro dos Mecos e os nosos Waterwatchers que este curso será o alumnado de 4º da ESO de Bioloxía e Xeoloxía.

- **Repoboación forestal. Venres 6 de Febreiro de 11.30 a 12.45.**

- Plantamos so 15 árbores do noso viveiro forestal no monte de Testos na Arousa co alumnado voluntario da horta e os Mecos.
- A choiva fixo que tiveramos que regresar ao centro, pero continuamos o **xoves 12 de marzo de 16 a 18h** fixemos a continuación da repoboación e deixamos as árbores marcadas con canelas.

- **O venres 24 de Abril.**

- Fixemos un intercambio de sementes: os nosos voluntarios entregaron colondros, xirasois e amarantos e o alumnado de BATA trouxeron sementes de xeranios e amorodos.
- Realizouse de 11.30 a 12 na hora do recreo.



### 3.10. OUTRAS ACTIVIDADES.

#### CHARLA DE NITO DIOS

- ✓ Charla de Nito Dios ao alumnado de 1º e 2º da ESO para falarlles da importancia dos bosques e das repoboacións. Nito é un mariñeiro que leva toda a vida colaborando co Concello da Illa no seu tempo libre no coidado dos bosques da Illa e facendo repoboacións.
- ✓ Na charla animou ao alumnado a colaborar con él nesta importante labor. E dimos un gran paso pois este ano antes da plantación quedamos con el unha tarde para ir a cortar as canelas para marcar as árbores.




Nito Dios

## CHARLA DE XURXO MARIÑO

- ✓ Viaxe virtual arredor do mundo cun neurocientífico aventureiro que a través de belas imaxes e unha maxistral exposición transportounos dende Africa ata Mongolia, pasando por a Patagonia, Illas Galápagos, Amazonas, Canón do Colorado, Iguazú.....
- ✓ Quixemos traer a Xurxo Mariño para que falase do seu libro “Neurociencia para Julia”, que traballamos co alumnado de 4º da ESO, pero sorprendeunos con esta maravillosa viaxe a través das súas fotos e dos seus vídeos. Deunos un montón de información científica sobre antropoloxía, paleontoloxía, xeoloxía, astronomía,...



O autor de “Neurociencia para Julia” falando cos nosos alumnos de 4º ESO




Cartel anunciando a charla de Xurxo Mariño



## OBRADOIRO DE MILHULLOA

- ✓ Milhulloa impartiu un Obradoiro para a elaboración dun dentífrico e dun protector labial a partir de produtos naturais.
- ✓ Foi impartido por Chus e Carmela de Milhulloa S. Cooperativa Galega de O Couto (Melide)



O resultado final: pasta de dentes

## EMBAIXADORES DE COGE 3

Coge3 naceu como una iniciativa a nivel nacional que pretende que calquera persoa, cando fai unha actividade ao aire libre, retire da natureza tres restos de lixo, saque unha fotografía e a comparta no muro de Facebook de Coge 3.

En marzo do ano pasado nomeáronnos Embaixadores de Coge 3.

O traballo dun embaixador de Coge 3 é sinxelo, soamente actuar con respecto á natureza e axudar a difundir esta iniciativa.

Este curso, na primeira visita de Coge3 en outubro, entregáronnos un diploma de embaixadores.



O 8 de outubro Óscar García acompañounos na limpeza da praia de Abilleira coas alumnos de 4ºA e 4º PDC. Analizamos o lixo atopado e a súa procedencia.

O 9 de Xaneiro tamén nos acompañou na limpeza de praia de Carreirón, explicándolles ao alumnado o grave problema dos macroplásticos e microplásticos.

O día 24 de abril tiñamos programada unha actividade de SUP cos nosos waterwatchers pero Coge3 cancelouna por problemas técnicos.

## OBRADOIRO DE CULTIVO DE SETAS


Fixemos 2 obradoiros de Cultivo de setas no Laboratorio de Bioloxía.

Nos recreos os voluntarios/as da horta sementamos 2 bolsas de *Pleurotus ostreatus* que nos regalou o amigo Miguel Ángel Rodríguez Martínez.

Esperamos que medren para poder levalas á Exposición de Voz Natura.



Remexendo o substrato



O nome científico destas setas é *Pleurotus ostreatus*

## VISITA SOTAVENTO E FRAGAS DO EUME

Os alumnos de 4º ESO das materias de Bioloxía e de Física e Química visitaron o Parque Eólico de Sotavento onde aprenderon un montón de cousas interesantes sobre as enerxías renovables e o aforro enerxético, ademais de coñecer unha vivenda bioclimática.

Esta visita foi guiada por uns magníficos monitores que souberon transmitir a importancia das enerxías renovables e o uso adecuado da auga.



Alumnado e profesoras na visita a Sotavento



Aeroxeradores de Sotavento

Despois visitamos o Parque Natural das Fragas do Eume, que é un dos bosques atlánticos de ribeira mellor conservados de Europa.

Fixemos unha pequena camiñata ao longo do río Eume e estudiamos as diferentes especies forestais, arbustivas e herbáceas que atopamos na ribeira do río



Ponte colgante sobre o río Eume.




Debido ás choivas dos últimos días quedaron zonas anegadas polo río



## MAGOSTO

Como todos os anos celebramos no instituto o magosto, no que participa todo o alumnado e profesorado.



Comendo chourizos e castañas



Xogos populares

## FACEBOOK E BLOG

Temos 2 facebook:

- ✓ Facebook: Illa Natura <https://www.facebook.com/illa.natura>
- ✓ Facebook:Waterwatchers <https://www.facebook.com/pages/Waterwatchers>

Publicamos a diario no noso facebook, tanto novas que xeramos nós como novas relacionadas co medioambiente. Temos 493 amigos.

Publicamos ademáis no facebook de Voz Natura con certa frecuencia.




O noso blog é o [www.voznatura.es/iesillaarousa](http://www.voznatura.es/iesillaarousa) e ten máis de 5000 visitas

Intentamos publicar case a diario as actividades que levamos a cabo, aínda que non sempre nos é posible.

### IES Illa de Arousa

Sementando futuro



[Inicio](#) [About](#)


#### Irmandade BATA-Illa de Arousa

Posted on 25/04/2015 by [Charo](#)

O pasado **venres 24 de abril** entre as 11.30 e 12 da mañá, coincidindo coa hora do recreo fixemos un intercambio de sementes co Centro Os Mecos, centro de autismo BATA. Na Illa tiñamos preparados uns colondros (cabazas), e unhas flores que xa trasplantaremos, Amarananto ou cresta de galo, e uns xirasóis que están xerminando.

Este é o segundo ano que cooperamos en diferentes actividades como foron limpeza da praia do Carreirón, visita ao noso viveiro forestal e plantación e landras, repoboación con 60 árbores do viveiro na zona de Testos e festa de nadal.

A experiencia inclusiva desde 2 anos foi moi satisfactoria e seguro que no próximo curso seguiremos xuntos na loita pola conservación do medio ambiente.



#### Leitugas solidarias: 26 € recadados

Destinamos todo o recadado para o Banco de Alimentos do IES da Illa de Arousa.

**0005054**  
contador de visitas

#### Voluntariado no recreo

Alumnado voluntario: 40  
Profesorado voluntario: 4

#### Existencias Viveiro Forestal en febreiro de 2015

Carballos de 2 anos: 87  
Castiños de 2 anos: 9  
Nogais de 2 anos: 1  
Pesequeiros de 2 anos: 1  
TOTAL: 98 árbores

#### Sementes de árbores plantadas en 2014

Quevaso rubro: 299  
Pesequeiro: 20  
Castiño: 10  
Carballo americano: 5

### **3.11. ACTIVIDADES POR DESENVOLVER**

Estas actividades que citamos a continuación faranse durante os meses de maio e xuño de 2015.

#### **VISITA DA CASA DAS CIENCIAS**

- ✓ Museos de Coruña co alumnado de 3º da ESO. Visita “Casa das Ciencias-Planetario” “Casa do home” e o Muncyt” invitados por Voz Natura. O alumnado levará un guión con actividades que irán facendo no transcurso da visita. No Muncyt teremos unha visita guiada e farán un traballo por grupos.

#### **OBRADOIRO DE ARTE E NATUREZA**

- ✓ No Obradoiro de Arte e Natureza (en maio) dirixido por Antón Sobral e Carmen Hermo faremos unha primeira sesión teórica e logo tentaremos facer obras artísticas feitas con verduras .

#### **PLANTAS CON POEMAS PARA O DIA AS LETRAS GALEGAS**

- ✓ Xa o fixemos no curso anterior e como funcionou moi ben repetimos. Neste caso a actividade esta dirixida ao alumnado de 2º da ESO
- ✓ O alumnado da horta está a sementar diferentes plantas de xardín que se transplantarán a macetas para regalar xunto cun bonito poema. Esta actividade a realizamos en coordinación co departamento de Lingua Galega.

#### **CHARLA A MARISCADORAS E MARIÑEIROS**

- ✓ Os nosos voluntarios están a preparar unha charla que darán ás mariscadoras e aos mariñeiros da Illa de Arousa, nela falarán da problemática do lixo que atopamos nas praias.
- ✓ Esta charla está organizada xunto co Concellos da Illa de Arousa



### **OBRADOIRO DE FORNOS SOLARES GREENPEACE**

- ✓ Os voluntarios de Greenpeace Pontevedra virán ao noso centro a facer con nos este obradoiro onde a partires de caixas, papel de periódico e pintura seremos capaces de construír fornos solares.
- ✓ Farémolo cos alumnos de 3º ESO na materia de Tecnoloxía,

### **LIMPEZA DE PRAIA CON GREENPEACE**

- ✓ Os voluntarios de Greenpeace Pontevedra darannos unha charla sobre a problemática do lixo nas praias e a continuación faremos con eles unha limpeza de praias.

### **CONCURSO SACHA NA HORTA**

- ✓ Este concurso vai dirixido aos pais e nais dos nosos alumnos.
- ✓ Cada participante deberá preparar unha cesta cos produtos ecolóxicos da nosa horta. A cesta máis orixinal será a gañadora.
- ✓ Estas cestas irán á Exposición de Voz Natura en A Coruña.

### **CHARLA LUIS SANPEDRO “BOSQUES DE GALICIA”**

- ✓ Luis Sanpedro dará unha charla para o noso alumnado titulada “Bosques de Galicia”

### **OBRADOIRO DE XABÓN A PARTIRES DE ACEITE USADO**

- ✓ Este Obradoiro o realizamos todos os anos e este ano repetímolo porque ao alumnado gústalle moito facelo.
- ✓ Faremos xabón a partires de aceite usado e falaremos da contaminación dos aceites e a súa problemática.

### 3.12. REUNIÓN CON OUTROS COLECTIVOS.

- **Colectivo Ecoloxista do Salnés**

As coordinadoras de Voz Natura reunímonos con representantes do CES (Colectivo Ecoloxista do Salnés) para organizar a realización dun Proxecto conxunto de estudio sobre as praias do Salnés. Dito estudio levarase a cabo previsiblemente no 2015 e 2016.

Tamén nos propuxeron facer outro estudio das plantas invasoras na Illa de Arousa, en colaboración coa Universidade de Vigo.

Realizaremos estes Estudos porque ademais forman parte da programación do Proxecto Voz Natura para o curso 2015-2016.

- **Greenpeace**

Por segundo ano consecutivo, reunímonos cos voluntarios de Greenpeace Pontevedra para coordinar o obradoiro de Fornos solares e a limpeza de praia que realizarán cos nosos alumnos no mes de Maio.

- **Club de Montañeiros Celtas (Vigo)**

Por primeira vez o Club de Montañeiros Celtas organizou un Curso “A horta no teu Balcón” que iamos impartir para os seus socios no mes de abril

Debido á escasa matriculación neste obradoiro pospúxose a súa realización para os vindeiros meses.

### **3.13. PREPARACIÓN DA EXPOSICIÓN DE VOZ NATURA DE XUÑO.**

Este ano adiamos unha especial atención á preparación da exposición de Voz Natura.

- Estamos a construír un piorno grande (1,20 x 60 cm) no Taller de Tecnoloxía. Base de madeira e cartón e cuberto de palla.
- Estamos a deseñar os fornos solares que faremos cos alumnos de 3ºESO en maio e en xuño na materia de Tecnoloxía
- No Obradoiro de Arte e Natureza (en maio) faremos obras artísticas feitas con verduras e levaremos as obras ou fotos delas á Exposición.
- Comezamos co deseño dun par de espantallos, a tamaño natural, dunha Dora desbrozadora e outro de Waterwatcher. Contaremos coa colaboración do profesorado que participa no proxecto e outros que sempre botan unha man
- Estamos a preparar fotos para un mural grande.
- Levaremos as cestas de verduras da horta decoradas que serán as gañadoras do concurso “Sacha na Horta” na que participaran as familias do alumnado
- Viñetas de humor agrario de Luis Davila O Bicheiro para usar de marcapáxinas.
- Imos ter un espazo no que imos regalar ás persoas que se acerquen á nosa exposición as seguintes cousas:
  - Sementes de: pemento, cabazo, berenxena, pepinos, xirasois.
  - Plantóns xerminados de: xirasois, rabanitos, leitugas para que a xente poda plantar nas súas hortas ou nas súas casas
  - Plantas aromáticas: laurel e romero.
  - Marcapáxinas de papel reciclado.
  - Xabóns feitos a partires de aceite usado
- Crearemos un espazo que será unha horta nun balcón, con sillóns feitos de palets e cunhas estanterías onde colocar as macetas con leitugas, pementos, etc.. Estas macetas estarán feitas con de caixas de froitas.

## **5- ANEXOS**

### **5.1 PUBLICACIÓNS**

- Xornal “La Voz de Galicia” con data 1/12/2014
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 8/12/2014
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 10/1/2015
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 9/2/2015
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 10/2/2015
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 12/2/2015
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 6/3/2015
- Xornal “La Voz de Galicia” con data 25/4/2015

### **5.2 MATERIAIS ELABORADOS**

- Ficha con pictios para facer o viveiro forestal
- Ficha de Waterwatchers
- Ficha do Obradoiro de Xabón
- Videos dos waterwatchers para a iniciativa de “Venres sen plástico” de COGE3

## 6- CONCLUSIÓNS FINAIS

### EN NÚMEROS

- 2 repoboacións feitas
- 60 Árbores plantadas
- Viveiro forestal con 699 árbores
- 2 Limpezas de praias
- Voluntari@s na horta: 40
- Waterwatchers: 21 praias estudadas durante 4 meses
- Produción horta: leitugas, coliflores, brécol, repolos, cacahuètes, nabicol, calabazas, cebolas, etc..

Despois de participar durante 6 anos en Voz Natura cos nosos proxectos medioambientais, seguimos a ter ilusión e ganas de seguir traballando nesta ámbito da educación ambiental.

É importante traballar o respecto cara o medio ambiente pero tamén cara todo tipo de persoas coas que convivimos o cada día. Por iso este curso continuamos co que comezamos o ano pasado na colaboración co Centro MECO de BATA (Autismo Vilagarcía). A experiencia foi moi positiva tanto para nos como para os alumnos de BATA. A integración e cooperación dos dous centros foi moi boa. O ano que ven seguiremos coa experiencia.

Queremos crear conciencia tamén sobre as necesidades e as dificultades coas que se están a atopar moitas familias do noso entorno, por iso este curso volvemos a organizar 2 Bancos de Alimentos. A recollida de alimentos foi un éxito no que se implicaron veciños, pais, nais, alumnos e profesores. Tamén repetiremos o ano que ven.

O traballo dos Waterwatchers foi moi destacable, tomaron conciencia da importancia que teñen as nosas praias e souberon transmitilo. Traballaron con moitísimo entusiasmo e facendo propostas de actuación. Tamén asumiron a responsabilidade de todos nos na contaminación dos areais. E concienciando nas casas as súas familias de este problema.

O noso Proxecto sempre estivo aberto a toda a Comunidade Educativa e tamén ao Concello de A Illa de Arousa. De tal xeito colaboraron con nos en moitas das actividades desenvoltas.

Reunímonos coa Concellería de Medio Ambiente en multitude de ocasións para a organización de actividades conxuntas.

O Claustro de profesores implicouse moitísimo no noso Proxecto, centrando moita desta colaboración na preparación da Exposición de Voz Natura no mes de Xuño. Moitas das actividades que desenvolvemos ao longo do curso foron consensuadas e organizadas por todos.

Todo o alumnado do centro coñeceu e participou no noso Proxecto. Pero é de destacar a acción dos voluntarios que adican os seus recreos a traballar con nos. Nos últimos meses este número incrementouse considerablemente ata chegar aos 40 alumnos. Temos un gran equipo do que estamos tremendamente orgullosos.

Agradecemos á Fundación Santiago Rey que nos axuda economicamente.

Pero máis de agradecer son os ánimos e o apoio constante que recibimos por parte de Voz Natura tanto da Coordinadora como do comité científico que valoran o noso traballo ao longo de todo o curso e apóiannos para seguir adiante.

Tentaremos facer un mundo máis respetuoso co medio ambiente e coas persoas que nel conviven, e dicir , un mundo máis humanizado!!!

A verdade é que este Proxecto danos forzas para seguir loitando por este fermoso planeta e terra onde vivimos.

Danos forzas para seguir educando en verde, en positivo, en sostenibilidade...

“Incluso aínda que soubera que o mundo ía destruírse mañá, eu plantaría a miña maceira”  
Martin Luther King

Nos seguiremos a plantar  
pase o que pase, non imos parar  
seguimos a plantar...

E rematamos cun Proverbio chinés:

“Se queres ser feliz unha semana, fai unha viaxe  
Se queres ser feliz un ano, cástate.  
Se queres ser feliz toda a túa vida, coida unha horta”